

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 28 DE NOVEMBRO DO 2022

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o vinte e oitos de novembro do dous mil vinte e dous, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna. Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodriguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, D<sup>a</sup> Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. Katherinie Varela Fernández, o D. Roberto Eireos Saez e D. Victor Manuel Rodríguez López.

**Grupo Mixto:**

**Bloque Nacionalista Galego:** D. Emilio José Sánchez Iglesias

**Esperta Monforte:** D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

**Secretario:** D. José Antonio Mourelle Cillero.

**Interventor:** Manuel Vázquez Fernández

No asiste o concelleiro D. Manuel Rodríguez Martínez.

### ORDE DO DÍA:

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIORE, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO 31 DE OUTUBRO DO 2022.**

Sométese a votación a acta do pleno de 31 de outubro, aprobándose por unanimidade.

**2º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 26.10.2022 AO 22.11.2022.**

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 26.10.2022 ao 22.11.2022.

### PARTE RESOLUTIVA

**3º.- ORZAMENTO XERAL DE 2023 DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS: ORZAMENTO DA ENTIDADE LOCAL E DO ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS, BASES DE EXECUCIÓN, CADRO DE PERSOAL, MASA SALARIAL DO PERSOAL LABORAL.**



O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-ESPERTA MONFORTE) e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

**"PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Monforte de Lemos e o seu organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencias para o exercicio económico 2023, que cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e de sostenibilidade financeira, e a documentación anexa e complementaria que se une ó expediente, que ascende a **15.371.146,23 €**, xunto coas súas Bases de execución, consolidado co do Instituto Municipal de Drogodependencias, resumido por capítulos é o seguinte:

GASTOS				
2023	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	4.971.834,54	304.169,79		5.276.004,33
CAPITULO II	8.623.398,39	25.100,00		8.648.498,39
CAPITULO III	12.000,00			12.000,00
CAPITULO IV	1.132.814,12		329.269,79	803.544,33
CAPITULO V	0,00			0,00
TOTAL	14.740.047,05	329.269,79	329.269,79	14.740.047,05
CAPITULO VI	610.000,00			610.000,00
CAPITULO VII	15.099,18			15.099,18
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	0,00			0,00
TOTAL	631.099,18	0,00	0,00	631.099,18
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	15.371.146,23	329.269,79	329.269,79	15.371.146,23

INGRESOS				
2022	ORZAMENTO DA CORPORACIÓN	ORZAMENTO INSTITUTO MUNICIPAL DROGODEPENDENCIAS	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
CAPITULO I	6.054.475,79			6.054.475,79
CAPITULO II	550.000,00			550.000,00
CAPITULO III	2.367.573,08			2.367.573,08
CAPITULO IV	6.346.061,36	329.269,79	329.269,79	6.346.061,36
CAPITULO V	47.036,00			47.036,00
TOTAL	15.365.146,23	329.269,79	329.269,79	15.365.146,23



CAPITULO VI	0,00			0,00
CAPITULO VII	0,00			0,00
CAPITULO VIII	6.000,00			6.000,00
CAPITULO IX	0,00			0,00
TOTAL	6.000,00	0,00	0,00	6.000,00
TOTAL XERAL CONSOLIDADO	15.371.146,23	329.269,79	329.269,79	15.371.146,23

**SEGUNDO.** Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual, segundo figura no expediente.

**TERCEIRO.** Aprobar a masa salarial do persoal laboral do Concello, que ascende a 1.337.425,20 €, e do I.M. de Drogodependencias 209.120,08 €.

**QUINTO.** Aprobar as Bases de execución e o anexo de subvencións que forman parte do expediente do orzamento.

**SEXTO.** Expor ao público o Orzamento Xeral para o 2023, as Bases de Execución e o cadro de persoal aprobados, por un prazo de quince días hábiles, computando o prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ó público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

**SÉTIMO.** Considerar elevados a definitivos estes Acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

**OITAVO.** Remitir copia á Administración do Estado, así como, á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma, a través das plataformas habilitadas ó efecto."

**De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén D<sup>a</sup> Gloria M<sup>a</sup> Prada manifesta como é habitual dende que o alcalde está ao frento do goberno municipal traen en tempo e forma o presuposto para o ano 2023, é presuposto froito do rigor do equipo, manteñen as liñas xerais de anos anteriores, presupostos sociais e expansivos, están pensados para dar un mellor servizo á cidadanía, presupostos máis máis Sociais do Concello. Por iso a política de gasto céntrase na atención das persoas, mellora da cidade, deporte, medio ambiente. Manifesta que supón un incremento con respecto do ano 2022 de 500.000,00 €. En canto ao apartado de ingresos, o maior ingreso procede dos tributos do Estado, os fondos de cooperación da Xunta aumentan soamente 29.000,00 euros, por outro lado esta previsión de ingresos do IBI, o ICIO experimenta un aumento e sobre todo a edificación de rehabilitacións, unha suba aproximada de 410.000,00 €, fala de aumento no capítulo de persoal aumentando o gasto. Fala da creación de sete prazas para prestar servizo en diferentes departamentos do Concello, fala

da consolidación de tres persoas que eran capataces de GRUMIR, que se estabilizan coa RPT. Fala que o incremento de persoal amosa o compromiso do alcalde e do equipo de goberno de forma que se mellora da todos os empregados públicos, se crea emprego e todo elo para que os monfortinos e monfortinas reciban un mellor servizo. Fala de que van seguir realizando inversións ben sexa de forma directa ou complementando con outras administracións. Fala de algo moi importante que é que o Concello continúa con débeda cero.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que estase a falar do orzamento municipal a principal ferramenta que ten o Concello para traballar. Quén ten responsabilidade de aprobar o orzamento é o equipo de goberno, neste caso cunha maioría ampla, se non houberse maioría tería que votar apoios, di que eles non poden votar a favor, porque nin participaron, en todo caso, dicir que ese incremento ou unha parte do orzamento, xa que son gastos de obrigado cumprimento, incluso as aportacións a distintos convenios, eles non poden deixar pasar cousas que son imprescindibles, non aparece na partida de inversións aparecerá, non atopan unha partida concreta para o PXOM, non aparece unha partida para piscinas públicas e zona de baño, cousas como pode ser o arranxo da piscina, seguen erre que erre coa ponte, sinala que o seu voto vai ser en contra teñen que pensar que moitas das iniciativas son peticións que se fixeron nesta cámara. É un orzamento que van traballar gobernos distintos, pode ser que sexa o mesmo goberno ou non. Eles dentro das demandas que levan feito e non se recollen.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que estes van ser os últimos continuistas, di que este equipo de goberno, non deixa de realizar cousas históricas cando toca. Unha comisión informativa na que se preguntaronlle polos 265.000 de euros de chapapote, por si lle tocaba a rúa Padre José de Garabantes, non sabía nada o Sr. Alcalde, preguntaron se ían facer obras no cemiterio, non saben, preguntaron se se vai reducir o gasto de enerxía, oito anos sen facer nada polo aforro enerxético, oito anos sen ningún euro para o PXOM. Ningún carto para piscina municipal, non sabe nada do parking da rúa hortas, di que eles saen máis caros, costan case tanto que na partida de luz dos monfortinos do 2023. Resulta que o seu incremento do soldo vai ser do 6% , iso é porque é hobby que lle parece a el, todo legal. Vostedes gastan en asfalto, zona C, zona D, a zona D porque ven moi ben, agora van saltar para a zona B, vaise seguir autobobo, reportaxes, 100.000,00 euros anuais en propaganda. Vostedes falaran no que queiran na homilía, estarán con el que non é de recibo que digan que eles non estudian isto.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que do que poden ver do presuposto que tampouco non se especifican no orzamento, en canto aos ingresos xa veñen reprochando, cren que a conxelación non soamente basta, senón que se pode realizar rebaixa, co que si podería o Concello non encarecer, pasa o mesmo co resto dos impostos. Fala dos reparos de intervención, se axustará este gasto, se ese tipo de gastos se levar na a cabo a través dos procedementos legais establecidos. Falan que están moi orgullosos do presupostos Sociais, fala do servizo de axuda a domicilio, se se desmuzan o presupostos do servizo axuda a domicilio, vostede o teñen licitado e teñen previsto ingresar da xunta, é verdade que hai outra parte que a pon o Concello e sempre se están lamentando diso, hai que lembrar se vostedes pagan máis e porque teñen externalizado o servizo, lles parece que é un pouco esaxerado canda hai 120 persoas pendfentes de percibir o servizo de axuda a domicilio. Fala dos criterios das subvencións nominativas, cren que o máis adecuado serían

subvencións competitivas. Chámalle a atención que o museo das clarisas reciba 3.000,00 €, o mesmo sucede coas inversións a parroquias e barrios, cren que as festas de San Antonio son festas moi importantes da cidade, que se reparta co resto dos barrios e parroquias, por iso o adecuado sería ser outra liña, segundo o proxecto de gasto, se podan subvencionar as festas. Di que en cultura e biblioteca non hai ningún gasto, a Casa da Cultura merece un cambio de imaxe. Fala do 323 que recolle 105.000,00 en epígrafes xenéricos como non saben en que se vai invertir e soamente lles consta 1.000 en mantemento de edificios.

Intervén D<sup>a</sup> Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodríguez continúa falando dos datos do orzamento. Fala do aumento da partida de eficiencia enerxética en Servizos Sociais, incrementan a aportación do programa de xantqar na casa quedando o 100% do usuarios do servizo atendidos, inclúen unha partida de 15.000,00 para mobiliario e instrumentos do conservatorio. Fala do incremento das axudas para os clubs seguen co compromiso do deporte base e deportistas individuais. Destinan máis partidas para a feira medieval e festival do viño, 30.000 euros para a promoción turística, restauración do cadro do Cardenal Rodrigo de Castro, aumentaron a partida de adornos de Nadal. Un dato moi importante é que os orzamentos vanse aprobar xa a relación de postos de traballo, que agora mesmo é unha realidade.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que non se fixo referencia ao que eles esperaban, si que fixeron que computan eses 500.000 euros do Consello de Deportes a este orzamento. O caso é que hai unha partida, en deportes de fútbol feminino, 1.500,00 € non cubren nin as fichas, fala de igualdade, cando equipos ou clubs que traballan no ámbito masculino que reciben 15.000,00 euros, polo tanto cren que isto debería de modificarse nun futuro. Eles falaban da aritmética, eses 30.000 euros que vostedes seguen aplicando en sete anualidades foron unhas das cousas, e fíxose e mantense e cando se contan as aportacións, a expensas o que diga o Sr. Alcalde.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez sobre o tema do incremento do IPC na recadación no tema do lixo é un 4%, 46.000,00 euros, saben vostedes si que é certo aínda que fose con resparos de intervén vostede podería non cobralo, non lle parece moi serio cando di que non se pode, non ten vontade política para facelo. Despois referente á recadación co tema das cámaras vostedes teñen 50.000,00 e despois por facer un pouco como todos os anos en novembro do 2021, D. Emilio falou dunha zona de baño, dunha piscina, de desenrolo rural, eles pedían ter dous buses urbanos.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela fala dos programas relativos a educación, chámalle a atención os epígrafes xenéricos, parécelle moi escaso, tamén lle parece moi escaso que se se apliquen 30.000 euros á promoción do emprego, en catro anos cambian as cousas, presumir de presupostos continuistas non lle parece o máis adecuado, cren que poden axustar máis o gasto, rebaixar os impostos, que poden indicar máis inversións a elementos culturais, non lle parece suficiente o do conservatorio, porque todo o do conservatorio segue exactamente igual. Di que eles non poden apoiar porque non indican o gasto concreto.

Intervén D<sup>a</sup> Gloria M<sup>a</sup> Prada dille a D. Germán que para el isto é un hobby. Manifesta que dende o ano 2019 ela non está na comisión. Vostedes proponen que se fagan inversións,

que se axude á xente maior, de donde se quitan os cartos. Vostede quere que se pidan máis horas, pero non queren que se suban os impostos, nin que se manteña o que teñen agora, de onde quitan os cartos, queren máis inversións. Os presupostos son do equipo de goberno, neste caso do Partido Socialista, para eles son os presupostos máis Sociais da historia do Concello de Monforte, di que ela estivo na súa posición D. Germán e nunca a chamaron para falar dos presupostos. Segundo manifestou antes dixo que eran os últimos presupostos continuistas deste goberno.

Intervén o Sr. Alcalde di que son uns presupostos cohetentes coa liña de traballo deste equipo de goberno, di que eles son creíbles porque teñen unha liña de traballo, por iso van continuar por iso con continuistas. Dille a D. Emilio que vostede vai votar en contra iso si que é continuista, este é un presuposto, el non viu ningún documento de vostedes.

Xa lle diran vostedes como se fai. Fala vostedes de personal, vostedes non entenderon aínda do persoal, non entenderon do tema da relación de postos de traballo, porque vostdes puideron facer a RPT e non a quixeron o PP tampouco a fixo, hai que facela hai que atreverse. Logo fala do PXOM, tiñan que ser un pouco máis innovadores cando se dixo que neste mandato non toca e que están analizando cousas previas de cara ao futuro, para facer cousas grandes e importantes en Monforte non hai que ter o PXOM, é aconsellable telo, pero o que tivo ocasión de facelo o meteu no caixón e outro por non querer resolver as alegacións. Vostede fala dunha zona de baño, tiveron 12 anos para facer esa zona de baño e nin sequera houbo un boceto.

Tranquilícese a ponte no momento que teña os permisos fárbase, é un compromiso electoral que votou a xente, agora estase esperando polos permisos, e iso leva o seu tempo. Vostede vai quitar fotos á ponte, xa verá, e iso vai ser unha obra moi importante para poñer en valor a ponte vella, tamén leva escoitando durante moitos anos sobre a ponte vella, alguén fixo algo. O goberno que veña se este presuposto non lle vale pode cambialo e facer un novo a lei o permite, o día 18 de xuño pode prantexar a reforma dos orzamentos, non hai ningún problema. Algunhas cousas das que dixo D. Germán prefire obviaslas, falar de que a voceira o soldo un 6,2%, iso é mala fe, hai que mirar os presupostos e non se poden subir un 2% que está establecido, non vai dicir nada. Como a todos os funcionarios que se lle aplicou a lei de presupostos do Estado, falar de coche como se tivera coche oficial. Manifesta que van seguir mellorando Monforte. Vostede pediu permiso para non estar, a el non llo pediu, pero aquí non vale o permiso que pedira nunha asemblea particular súa. Dille a D<sup>a</sup> Katherinie que teñen un atrevemento especial, vir aquí co tema do IBI, cando vostedes foron os que o subiron, eles non o tocaron nin unha soa vez. Vostedes se teñen tanto atrevemento teñen que vir aquí con números, e ese diñeiro que deixo de recaudar deixo de facer isto, iso hai que dicilo. Fala vostede de externalizar o servizo do SAF, o servizo privatizouse co anterior alcalde e non o vai municipalizar, o convenio colectivo non o firma o Concello cos traballadores, o convenio a nivel autonómico e nunca tanto se subiu o SAF, 325.000,00 euros. En Chantada privatizouse o SAF, un concello gobernado polo partido Popular. As festas de San Antonio, a parte da axuda económica, hai a axuda da xestión das barracas, porque o solo é público e non lle cobran nada, vaia vostede ao Concello de Lugo, aquí o que pagan llo deixan para a comisión de festas, non soamente lle dan os cartos, 1.000.00, euros, máis os arcos, e logo fala de 30.000.00 de promoción do emprego, xa dixo que esa partida esta suxeita á variación se a demanda supera esa necesidade, ogallá que tiveran que subir. Di que eles acaban agora de adjudicar un plan especial no polígono, 150.000,00 €, iso non é invertir en emprego, el non se lle vai dicir no que están traballando para facer unha depuradora

nova. Polo tanto, todo iso é investir en emprego, é mellorar o polígono, as condicións das empresas, iso non se fixo en etapas anteriores.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con 11 votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG) e unha abstención do concelleiro D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-Esperta Monforte).

#### **4º.- ADHESIÓN AO CONVENIO DA FEDERACION ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E A SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES E EDITORES.**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG) e D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-Esperta Monforte!), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

*“A adhesión ao Convenio da Federación Española de Municipios e Provincias e a Sociedad General de Autores y Editores para a salvagarda dos dereitos de autor nos seus respectivos ámbitos territoriais”.*

#### **De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén D<sup>a</sup> Gloria M<sup>a</sup> Prada manifestando que se trata dun convenio da SGAE coa FEGAMP dende que teñen dende fai moito tempo cunha bonificación do 25% por actuacións musicias, por concertos, bandas musicais, por todo o qu ese fai na rúa , unha bonificación que consideran importante.

Intervén D. Emliio entende que vai votar a favor porque é beneficioso para o Concello. Di que non dixo que se faría calquera cousa para o posto de traballo, o gasto de persoal, adhesión a convenios ou facer fronte a distintos conratos, saben que a suba do persoal ven dada pola RPT.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifestando que si é bo para os monfortinos parécelle perfecto.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que se é algo que se negociou coa FEGAMP é responsable votar a favor, se axustaran máis o gasto seguramente poderían baixar os impostos.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que un dos reparos máis grandes que hai é o de subministro de enerxía elédtrica, miren ben que Concello o ten, é un tema que non se está facendo, nin a telefonía tampouco, esas son as facturas que vostedes fala de dúbida sobre elas.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

**5º.- APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG) e D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-Esperta Monforte!), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

*“Aprobación do Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais do Concello”.*

**De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén D. Miguel Tomé manifestando que o documento que viron na Comisión obedece ao cumprimento do convenio que asinou en agosto de 2018 e a Consellería de Medio Ambiente, FEGAMP e SEAGA e o Concello se adheriu no seu día, un convenio para poder cumprir de delimitar faixas de protección, zonas d erisco que podan verse afectadas nun eventual incendio forestal, o propio convenio establece uns criterios de prioridade, segundo eses criterios segundo a Xunta d Galicia ten poucos incendios e non hai parroquias catalogadas de alta capacidade incendiaria. O conveio recolle como se vai continuar a partir de agora. No convenio que está publicado na pñáxina da Xunta como na páxina da FEGAMP están todos os datos.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que este plan o importante é dar cobertura técnica aparte da económica todo o que está nas mans do Concello para facer isto. Cren que está axeitado, pero sempre que isto sirva para protexer sobre todo a veciñanza, manifesta o seu voto a favor.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifestando que o seu voto vai ser favorable.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que para eles é complicado votar a favor, xa que non tiveron tempo para estudialo en profundidade cun técnico na materia.

Intervén D. Migue Tomé que o plan está elaborado con criterios técnicos marcados pola FEGAMP e pola Consellería, zonas para ser limpadas, é moi voluminoso porque un montón de planos, a documentación é bastante xenérica, exclusivamente criterios técnicos marcados pola Consellería e que SEAGA aplicou para todos os Concellos.

Intervén D. Emilio José Sánchez manigfestando que tamén conta co infomre favorable do técnico de medio ambiente.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con 13 votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e Grupo Mixto e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

**6º.- MOCIÓN ESPERTA MONFORTE PARA ACTUAR NO TEITO DO PAVILLÓN DA PINGUELA.**

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor do concelleiro D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-Esperta Monforte!), e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo



Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

*“Que á maior brevidade posible teña a ben arranxar esas deficiencias existentes e si o estima oportuno aproveite para instalar paneis e así axudar a finalidade da última da axenda 2030 que non e outra que o aforro enerxético”.*

**De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á moción presentada. Gustaríalle saber se teñen pensado repáralo nalgún momento, entenden que habería que meterlle man doutra maneira, s ique é certo que dixeron fai un ano que ían facer algo, non sabe se teñen a ben explicar que van facer, se poden poñer paneis solares.

Intervén D. Emilio José Sánchez o déficit de instalacións cubertas é sabido e non é de hoxe. Di que o pavillón é do ano 1981 ou 1982 daquelas as características técnicas que había quedaron obsoletas, o teito a parte de non estar nas melloras condicións, tecnicamente é demasiado baixo segundo que deportes, cren que é unha das acción que habería que facer. Di que van votar a favor. Aproveita esta intervención para poñer de manifesto da necesidade de revisar o pavillón da Gándara, aínda que non sexa competencia do Concello habería que darlle traslado á Consellería. Aмосa o seu voto a favor.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela manifesta o seu apoio a esta moción. Manifesta que as instalacións deportivas son fundamentais na cidade, di que eles mantiveron sempre o interese polas instalacións deportivas, arranxo das pistas atletismo, arranxo dos deportes de río, clube Quixós, etc. Fala da liña de axudas por parte da Consellería de Educación para mellorar as instalacións deportivas dos colexios, fala de que o Concello debería amosarse máis cooperador coa Xunta. Calquera medida que axude ao aforro do gasto mellor para todos.

Intervén D. Ibán Torres sinalando que non poden apoiar a súa moción. Fala de deixadez abandono, non hai ningún tipo destas afirmacións, a cuberta foi reparada na primeira etapa deste equipo de goberno, non chove na pista. No mes de xullo detectáronse goteiras dous puntos concretos, e das que xa se falou no pleno anterior, ningunha destas goteiras afectou á pista de xogo, o departamento de deportes por indicacións do alcalde púxose en contacto cunha empresa especializada. No mes de outubro, se lle require a esta empresas unha memoria valroada, remitada o 21 de novembro, neste punto está para licitar o contrato e se procederá a realizar a obra. Polo tanto non hai deixadez nin abandono, todo o mundo sabe que este alcalde ten un compromiso moi serio con Monforte e co deporte. A moción que presenta non da lugar a debate.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez en toda amoción non se fala de deixadez nin de abandono, soamente poñen que hai unhas goteiras na Pinguela, non pode vir aquí e ler o que queira, hai goteiras no pasillo, na pista e nos baños. Dígalle a quen lle fixo ese que lle pida unha fotos cunhas goteiras no baño de homes. Estívose todo o partido parando porque había dúas goteiras, o ve a persoa que está alí de mantemento que lle tivo que dar uns trapos, entón non pode ser Sr. Torres que saiba que a maiores na pista, tamén hai no baño de homes. Di que eles so din que hai unhas goteiras, vostedes van votar en contra os 11, é unha tomadura de pelo.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que na exposición de D. Ibán Torres dalle as grazas as zonas onde estaban máis prominentes as prantas se limparon, na zona do Centro de Saúde hai unha moi tupida e hai un charco de auga.

Intervén D. Ibán Torres o que non se pode dicir é que habería que meterlle man doutra maneira a isto, vostede voceiro dun sistema que é a decisión doutros, vostede ven aquí e portavocea o que lle mandan, é o único que fai o que lle mandan, non supoña que todos funcionan do mesmo xeito.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifestando por iso di que vostede ven aquí a ler o que lle mandan. Esta moción está presentada dende fai quince días, vostedes teñen un técnico é imposible que lles digan a vostedes que non hai goteiras na pista, porque entón hai varios problemas, a xente faga os informes do que vostede quere dicir aquí. De verdade que pensou que non sería necesario mandar as fotos, iso pódelle preguntar ao concelleiro de deportes.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que se adique a ofender aos funcionarios libremente dicindo que fan informes á carta, é dun atrevemento, vostede se fora funcionario e dixera o mesmo. Fala dun informe do técnico de deportes onde dí que ningunha goteira afecta á pista de xogo. Logo di vostede, que houbo que secar cuns panos, so basta con ver o voleibol por televisión, porque as veces hai condensación, ás veces caen os xogadores e xogadores e humedecen a pista, efectivamente cada pouco saen a secar. Logo di vostede que fai preguntas e que non lle contestaron iso é unha falla á verdade, todas as preguntas se contestan pode que non guste, ao mellor non escoita o que vostede quere oír, senón traiga vostede unha acta onde non se contestou unha pregunta. En relación co pavillón da Gándara, é importante saber que son as competencias de cada quen, cando se refire a unha estrutura é competencia da Xunta, e do mantemento é competencia do Concello. Por riba D<sup>a</sup> Katherinie di tender a man á Xunta, di que a man da Xunta nunca a viu, soamente lle dieron un comentario e lle ofreceron nun momento dado unha inversión que sabían que non podían facer que era para unha instalación de piragüismo que non podía facerse porque non tiña autorización da Confederación nin de Patrimonio. Tender a man é a Xunta ao Concello.

Dille a D. Germán Vázquez que hai unha memoria valorada por un importe de 48.399,36 euros para impermeabilización desas dúas zonas do teito que son planas. Isto que está aquí recollido e xustamente nesas dúas partes que ten a fachada plana, xa está en proceso de contratación.

Sometido o asunto a votación, rexeítase por maioría con 11 votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Popular. e Grupo Mixto.

#### **7º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA A PROVISIÓN DE PRAZAS NO HOSPITAL COMARCAL DE MONFORTE.**

O ditame é favorable á proposta, con dous votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Popular e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG) e D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-Esperta Monforte!), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

*“1. Instar ao Goberno de España a cumprir o acordo unánime do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde do 24 de abril de 2018 no que se comprometía unha reforma da Lei 55/2003 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde para incentivar a provisión de prazas de difícil cobertura no conxunto do Sistema Nacional de Saúde.*

*2. Apoiar a decisión da Xunta de Galicia, dada a negativa do Goberno central a tomas doutras medidas para aplicar estes incentivos, da aprobación dunha Lei que permite ofertar o acceso a prazas de difícil cobertura de especialidades médicas nos hospitais comarcais a través dun concurso de méritos, e solicitar nas futuras ofertas públicas de emprego aprobadas a través desta lei se inclúan prazas vacantes do hospital comarcal de Monforte”.*

**De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

**Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dando lectura á moción presentada.**

Intervén D. Emilio José Sánchez manifesta que dende o 89 o Sergas integra todos os servizos sanitarios co fin de garantir a eficiencia sanitaria, dirixido pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, di que queda claro que ten competencias en sanidade no país, é o Sergas, na súa iniciativa pon riba da mesa o problema e tamén pon a solución, a solución quere dicir que as medidas que tomou a Xunta, son as que son e están como están. Terán que explicarlle iso que é o de difícil cobertura. Di que foron á Consellería de Sanidade el e cre que tamén estaba o Sr. Alcalde, todo o que lles contaron foi mentira, aquí a única mobilidade que hai son os pacientes de Lugo para Monforte, contanse cos dedos os especialistas que veñen cada pouco.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifestando que na argumentación que a reforma levada a cabo asegura a mobilidade dos, esta moción lle deron feita, flaco favor lle están facendo aos monfortinos, a perda de recursos propios, e primeiro como é lóxico atenden a Lugo. non veñen especialistas de área a cubrir as vacantes, a realidade é que se levan sete anos sen cubrir a praza de dixestólogo. Falta un cardiólogo, un rehabilitador, un ciruxán, tres pediatras, di vostede tamén que a lei 2/2022 de 8 de outubro de medidas extraordinarias, e di a continuación que esta lei habilitada á Xunta de Galicia para cubrir por concurso de méritos, o que di é que non o fan. Como pode dicir que é unha medida valente, argumentan vostedes que a Xunta de Galicia, este grupo apoiará na recollida de sinaturas para a atención primaria. Van votar en contra da moción porque ten a intención oculta.

Intervén D<sup>a</sup> Pilar Espinosa Novelle manifestado que as competencias en Sanidade están traspasadas á Xunta, en concreto subironse as prazas un 38% dende que chegou o Sr. Pedro Sánchez, en primaria deixaron de convocar 151 prazas, segundo palabras do colexio de Medicos de Pontevedra, que esta semana pediu a dimisión, non se poden pedir máis prazas MIR se non se poden formar aos médicos, con respecto á carreira profesional, o Sergas tivo frenada a carreira profesional durante anos, e coas novas condicións impostas e case imposible que os profesionais poidan chegar ao cuarto grado. Con respecto á nova oposición a través do concurso de méritos, segundo dixo o Sr. Feijoo crearon unha nova especialidade, o resto de médicos de familia, parece que on especialistas, moito dos médicos que aprobaron renunciaron polas condicións que lles impuxo o Sergas. En canto á situación do hospital de Monforte podemos falar de cardiólogo, ciruxano, pediatra e médico rehabilitador, o servizo de dixestivo, o que provoca que as endoscopias

ambulatorias se realizan en Lugo nunha clínica privada. Os contratos do Sergas para os hospitais a maior parte deles son de acúmulos. Lembra o que pasou coa neuróloga, todo isto se produce desde a creación das áreas sanitarias, o que se provocou principalmente o traslado de pacientes ao HULA. Dende Lugo non teñen en conta os problemas de Monforte nin da Mariña as decisións que se toman son para favorecer ao macro hospital que teñen. Por todos estes motivos non van apoiar a moción, vostede que pode dígalle ao sr. Conselleiro, que mellore os contratos dos profesionais, se se melloran as condicións se evitará que os profesionais se vaian a outras comunidades ou a outros países, deixen de botar balóns fóra e póngase as pilas en canto a mellorar a saúde dos profesionais.

Intervén o Sr. Alcalde di que a primeira vez que ve que se está transmitindo un pleno a través do móbil, é unha novidade. Vostede aquí non está modernizado nada, en todo caso, debería de pedir permiso, este é o pleno do Concello. Vostede pediu permiso a esa señora para grabala. Iso que está grabando esa cámara está colgada na páxina web para que a vexan todos os cidadáns sen excepción, non pode estar grabando unha intervención dunha persoa nin pedir permiso.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela manifesta que o primeiro de todo levan facendo video chamada do pleno dende o principio e non é alguén do partido, como vostedes no o transmiten en directo, parécelle que é esaxerado. Dille a D. Emilio que as competencias son da Xunta, hai cousas que lle competen ao goberno central, iso por un lado, a xente escapa do interior, en todo o territorio nacional, por iso son prazas de difícil cobertura, os profesionais prefiren un hospital grande, por iso hai que incentivar este tipo de prazas. Dille a D. Germán que en canto ás prazas acaban de cubrirse 29 prazas, agora hai que ver se veñen os médicos e toman posesión. Mentres non se chegou a tomar esa medida se cubriron cos médicos de Lugo. Segundo lle din este ano se cubriron. Teñen que cambiar os criterios para que os centros de saúde poidan ter tutorías. Di que eles apoian cando vostedes piden cousas para Monforte.

Intervén D. Emilio José Sánchez sinala que na Deputación vense en directo os plenos, ao mellor hai que ir pensando en Monforte. Di que eles apoian todo o que sexa beneficioso para a veciñanza, a lei da Xunta de Galicia non poden apoiala porque é negativa. Claro que o estado ten competencias, non van votar o que di aquí esta moción. Qué medidas fixeron? Unha cousa xenérica isto e escorrer o bulto, vostede non é culpable pero é complice de defendelo. Di que el non está en contra de que asistencia sanitaria se beneficie, tal como vostede trae aquí non beneficia, o problema da saúde ben da reforma do 2008, agora hai que facelo.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dille a D<sup>a</sup> Katherinie aquí fai moitos anos fíxose unha inversión na UCI e nunca se dotou de persoal. Se seguen con dúas profesionais menos, di que o dixestólogo foi unha persoa que estaba contentísima aquí se marchou por deixadez da Xunta de Galicia. Di que eles que estiveron no Consello Municipal de Saúde, si que se se falou tamén o que hospital de Monforte sabe vostede que é con moita direferencia a empresa máis impotante de Monforte, a seguinte empresa que temos que coidar é esta, di que deberían traballar todos para que este hospital non perda competencias e traballadores.

Intervén D<sup>a</sup> Pilar Espinosa que os dereitos e obrigacións das tutorías dos médicos MIR se regulan por órdenes autonómicas.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que o está claro que se levan tres plenos que se debate este pleno, é complicado para o partido popular quén ten a competencia de sanidade máis importante. En canto ás especialidades que quedan por cubrir, precisamente con esta modificación do concurso de méritos se pretende cubrir as prazas que quedan en Monforte. Di que eles intentan traer so aquilo que lle repercute no día a día aos cidadáns.

Intervén o Sr. Alcalde pode dicirle aos compañeiros pode asegurar que non van saír fóra da muralla. Sinala que sobran múltiples argumentos para votar en contra da moción. Falaron das bondades de suprimir as áreas sanitarias, a realidade é ben distinta, todo foi a peor dende que hai a área sanitaria, qué autonomía ten este hospital, lle sobra a dirección se xa a teñen en Lugo. Ourense e Lugo como son menos importantes, e logo fala vostede de que agora anunciaron 1.500.000,00 para o hospital non fai moito anunciaron 15.000,00 millóns de euros, onde van os 13.500.00, e por certo, é unha consellería que non paga o ICIO, están facendo obras ilegales, porque é obrigatorio pagar o imposto de instalacións e construcións, porque nos proxectos ten que estar contemplado o coste de todos os gastos entre eles o gasto da licenza, ademais se o paga Medio Rural, Educación, porque non o vai pagar sanidade, son doutro país doutro goberno, isto que é. Que todo o mundo está contento coa Sanidade en Galicia xa o demostran os médicos por iso se movilizan de alegría. Saben porque están contentos porque teñen contratos precarios e porque teñen os soldos máis baixos, xa non se fala dos DUE que están aínda peor. A atención primaria está caendo a cachos. A atención especializada aquí polo menos non cubren nin as xubilacións, aquí se xubilaron especialistas e non hai ningún, e tampouco está previsto cubrir. Prazas de difícil cobertura, iso non existe, se vostedes contrataran coas comisións que lle ofrecen no extranxeiro non se irían, a inmensa maioría non marcharían. Por qué se van? Logo o problema non é difícil cobertura, o que pasa que fóra teñen estabilidade, o que pretenden e beneficiar á sanidade privada. Qué pasa no ambulatorio de Monforte? vostedes teñen responsabilidade, é de vergoña o que está pasando, falta de médicos, é inexplicable, non pasa nada porque deus non quere, nunha plantilla de 12 como é posible que haxa 2, de verdade qué vostedes traían esto aquí. Os médicos están pedindo a dimisión do conselleiro, hai pouco tempo dimitiron un montón de xefes de servizo. Digalle a esa persoa que está ben espiar pero hai que contratar aos médicos con condicións boas verá como hai médicos e non se van.

Sometido o asunto a votación, rexeitase por maioría con 13 votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e tres votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Popular. e Grupo Mixto.

#### **8º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA LEVAR A CABO A XESTIÓN DE MELLORA EN DIFERENTES APARCADOIROS DA CIDADE.**

O ditame é favorable á proposta, con dous votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Popular e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG) e D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-Esperta Monforte!), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“1.- Que se aplique a cláusula dúas do contrato de aluguer do solar da rúa Hortas 46, e se proceda á mellora do firme do terreo para que se cumpra correctamente o fin para o que foi alugado.

2.- Que se busque o encaixe legal apropiado nos solares destinados a aparcadoiros da rúa Xulio Camba, esquina Doctor Teixeira e da rúa Conde, esquina Otero Pedrayo e se proceda a reparar o estado dos terreos e así se mellore o uso de aparcadoiro e a imaxe dos mesmos. “.

**De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di como vai haber espías se maña o poderán ver no pleno, de todas formas non vai grabar máis, e continúa dando lectura á moción presentada.

Intervén o Sr. Alcalde di que non é que non lle interese a súa moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez o espírito da iniciativa é que se arranxen estes espazos ben sexa que se busque a forma legal e adecuada para facelo, di que eles van votar a favor disto.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles van votar a favor, o da rúa Hortas xa viron as fotos si que entenden que está en mal estado, das outras teñen ese tema con mirar a páxina web do Concello xa se via que era un estacionamento provisional e non saben exactamente a espera do que digan vostedes.

Intervén D. Ibán Torres manifesta que o aparcamento da rúa Hortas ven utilizándose fai moitos anos pero non lles parece a zona máis adecuada. O aparcamento da rúa Conde veñen de fai anos, e tampouco lles parece o máis adecuado. Con respecto a Xulio Camba como non existe contrato, tamén son conscientes que non é un mellor aparcamento. En todo caso, hai unha resolución de Patrimonio que limita a temporalidade do solar, por ese motivo non corresponde ao Concello e en breve deixara de ser estacionamento, os outros dous estacionamentos arrendados. Fala de que se contratou con empresas para realizar o acondicionamento. Non van apoiar a moción pero si que sen van abster.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que hai seis iniciativas e hai que dividilas. Tiñan coñecemento que na rúa Hortas hai un contrato de aluguer, descoñecían a situación da rúa Conde e da rúa Julio Camba, entende que na rúa Julio Camba haberá que tomar unha medida máis se está Patrimonio detrás.

Intervén D. Emilio José Sánchez deixe a cousa así, que hai unha abstención non lle de máis voltas.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez pregunta se os tres están arrendados?

Intervén D. Ibán Torres, están dous arrendados e un non. Dormir era o que debía estar vostede facendo cando el estaba falando.

Intervén o Sr. Alcalde di que por si queda algunha dúbida dicindo que hai dous solares con relación contractual, rúa Hortas e rúa Conde o de Julio Camba non hai relación contractual, o que houbo foi que se declarou en ruina ese edificio, e se escombrou ese edificio, Patrimonio deu permiso para que se permitese utilizar como estacionamento durante uns

meses, pero había que reconstruir un edificio, o dono está traballando nese sentido, pero haberá proxecto para construír.

Sometido o asunto a votación, aprobábase por maioría con 11 abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Popular e Grupo Mixto.

### **9º.- MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVO Á REDACCIÓN DUN PLAN DE AFORRO ENERXÉTICO.**

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor do concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG) e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-Esperta Monforte!), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

*“Que o Concello de Monforte elabore un plan de aforro enerxético e que se desenvolva”.*

#### **De seguido prodúcense as seguintes intervencións:**

**Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura á moción presentada.**

Intervén D. Jaime Germán Vázquez que o Concello elabore un plan de aforro enerxético e que o desenvolva. É un pouco do que trouxeron aquí a posibilidade de apagar a metade das luces, sempre falando desa posibilidade é positiva, todo isto que o fagan os téniciocs, xa se están traballando en bastantes cousas, cambiaron as luces, este ano vaise poñer a luminaria de nadal con luces led, no parque do hospital que quedou moi ben iluminado hai 80 luces, o certo é que a metade poderían apagarse, que dende o Concello poderíase traballar para realizar ese aforro enerxético. Gastar un millón de euros en enerxía eléctrica é absolutamente esaxerado. Di que eles non se opoñen a ningunha das cousas que se fan, pero hai moitas cousas que non están facendo, a luz en xeral en Monforte, quedou moi ben en todos os puntos, hai en algúns sitios que eles entenden que sobran, ou que se poderían apagar algunhas.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que van apoiar a moción, cren que todo o que sexa positiva tanto para axustar gasto e para facer unha cidade máis sostible. Sinala que hai determinada iluminación que se pode xestionar.

Intervén D. Ibán Torres fala da lei de aforro enerxético. En base ao real decreto o Concello realizou as melloras que existen. Cando chegaron ao Concello había moitas farolas apagadas, uns dos compromisos do goberno foi mellorar o alumeado público. Queren unha cidade visible sen penumbras nin oscuridade. Fala da porta autonómica que se puxo na Praza de Abastos, anulouse o aire acondicionado, se reduxo a iluminación, por tanto a laborar a que non está feita estase facendo. Estase cumprindo co Real decreto e por iso non van apoiar a moción. Foron o primeiro Concello de Galicia en levar a cabo a iluminación para cambiala a led.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que ninguén dúbida. Vostedes cren ou pensan que esta ben, se di que se faga un plan de aforro enerxético, como saben iso senon teñen esa plan

que ten que levar aparelado un estudo económico, ao mellor podíase facer un poquiño máis, lamenta que non voten a favor.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifesta que lle alegra o certo é que vostedes antes vían o Monforte que eles ven agora eles teñen a mesma visión de ver unhas goteiras que vostedes non as ven. O pavillón da Pinguela non ten teito plano, di que el non é arquitecto, non hai que estudar dereito para falar co sr. Secretario, hai unha goteira na pista, corre unha gota e vai para a pista.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D. Germán que non diga que non hai teito plano no pavillón, ten as fotos, hai dúas partes planas.

Intervén D. Ibán Torres fala da labor que se está facendo. A exposición que fixo é simplemente para por en relieve o que se está facer con respecto á cuestión enerxética.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que eles entenden algo complementario con ese plan de aforro no ministerio. Cando entrou en vigor no mes de agosto, as 10 da noite cortouse a luminaria dos escolapios, a fonte segue funcionando e as luces, parécelle un pouco chocante e falta de coherencia. Lamenta que non saía adiante.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que esas cousas que vostede dicía dos escolapiso era que tiveran algo que criticar. Dille a D<sup>a</sup> Katherinie Varela que o Cardenal ancho non é casco histórico.

Sometido o asunto a votación, rexeítase por maioría con 11 votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Popular. e Grupo Mixto.

## PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

### **10º.-INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (25.10.2022, 09.11.2022 E 15.11.2022).**

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

### **11º.- DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA 3º TRIMESTRE 2022.**

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 3º trimestre de 2022, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

### **12º.- DACIÓN DE CONTA DO PERIODO MEDIO DE PAGO E MOROSIDADE, 2º TRIMESTRE 2022.**

Dase conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 2º trimestre de 2022, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 6,61 € e a efectos de cumprir



co disposto no artigo cuarto da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 2º trimestre de 2022:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade

### **13º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA 189/2022 DESESTIMATORIA NO RECURSO INTERPOSTO POR ALACER OCIO Y DEPORTE SL**

Toma razón da sentenza número 189/2022 desestimatoria do recurso interposto por Alacer Ocio y Deporte SL.

### **14º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

#### **Rogo de Esperta Monforte!**

Esperta Monforte asistiu a entrega dos premios os mellores proxectos presentados en Semente Ribeira Sacra na que o Concello non participa, non entedemos a postura do noso equipo de goberno e rogamoslle teñan a ben volver a incluír o noso Concello (que só gobernan) entre os concellos colaboradores xa que nos parece inadmisíbel ausencia.

Pola contra o noso Concello si e quen de colaborar económica con programas como EL CAMINO CREATIVO da Asociación España Creativa (de profundas raíces e que reporta moitos froitos

#### **Pregunta ESPERTA MONFORTE!**

Van seguir financiando cos cartos de todos os monfortinos as procesións ou actos relixiosos de todas as relixións que llo pidan ou que se lles antoxe?

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que eles non fan cousas por antoxo. O único que pode contestar a esta este alcalde vai seguir respectando as tradicións de Monforte, sexa ou non sexa crente. Para o ano vai facer o mesmo se está aquí. O Martes de Pascua é antes das eleccións e vai haber porteadores.

En relación co rogo non se contestan pero merece a pena que sexa aclarado, cando se creou Semente non participou o Concello, a pesar de que nun equipo deirectivo estaba o sr. Alcalde de entón e a concelleira de cultura tamén entón, o Concello non aportou nada, a primeira vez que aportou algo foi con este goberno. A idea orixinal de Semente foi dun empresario de Monforte e tiña unha idea moi boa era axudar aos estudantes que non podía estudar era axudar, pero os actuais dirixentes desvirtuaron a orixinal idea, ese empresario xa non está, porque lle manipularon a súa idea, e cando viron como funcionaba iso para o que servía decidiron saír de aí, o equipo de goberno prefiren axudar aos que crean emprego, prefiren potenciar e modernizar o polígono, ampliálo, traer empresas, as parafernalias as deixan para outros.

### **Rogo do BNG**

**Que se coloque unha baranda de características propias específicas na zona da Gardería, non sabe se vai quedar alí ou vai chegar ata a gardería.**

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que vaise rematar ata a Gardería, adiantar tampouco arranxa nada. Está previsto. O trozo que se poña é o que recomenden os técnicos.

### **Pregunta do BNG**

En que situación se atopa o procedemento de contratación do SAF?

Resposta o Sr. Alcalde que eles non contratan persoal tal como di vostede na exposición de motivos, iso está privatizado, eles o que teñen é que contratar o servizo cunha empresa e iso, fala do TCGAL volveu a dicir que non está ben, dixo de tal maneira porque sabendo que ían a contestar pediuse unha aclaración. Di que van recorrer, sobre as mesmas cousas o TCGAL non está resolvendo igual para todos, e polo tanto van ver o que di o Tribunal Superior de Xustiza, que teñen que saber que inflación vai haber no 2023, 2024 e 2025 iso sería xa para nota.

### **Preguntas PARTIDO POPULAR**

Qué medidas tomou o Concello para paliar o problema da electricidade do poboado de etnia xitana ubicado no barrio das Lamas?

Resposta o Sr. Alcalde que tomaron as medidas que non se tomaron en 25 anos, ninguén se atreveu a facer as cousas, este equipo de goberno fai as cousas. Cando vostedes gobernaban puxeron uns contenedores como vivendas, eses señores por diante das casiñas teñen aglomerado, por outra parte asfaltado, esas persoas poden entrar e saír sen mollar os pés nunha charca, auxiliaron cando Fenosa lles cortou a luz porque a tiñan enganchada ilegalmente. O que se fixo foi alugar un grupo electrónico en Lalín que lles costou 145.000,00 iso foi no mes de febreiro en pleno inverno, e agora estase facendo as reformas necesarias poñendo cadros para que poidan contratar eles directamente con Fenosa.

Cal é contido do recurso interposto ante o TCGAL que supuxo a suspensión do último concurso do contrato do servizo de axuda a domicilio?

Resposta o Sr. Alcalde dificilmente pode dicir cal vai ser o contido cando non está presentado. Serán os servizos xurídicos os que determinen cal vai ser o contido.

### **Rogos PARTIDO POPULAR**

Rogamos se proceda á apertura dos accesos o Porto Seco para o seu uso polos veciños.

Rogamos que o equipo de goberno que proceda a regular as luces existentes no Parque do Hospital, de maneira que a determinadas horas da noite se apaguen e si se encenden sexa unha forma máis tenue.

Resposta o Sr. Alcalde preguntando que si está mellor unha gasoleira o un parque, iso é o que falla alí, de feito, xa chegou o último recurso, debe estar a cousa ben feita. As luces xa están reguladas, el pode entender dende o punto de vista da oposición, iso está perfecto, o que hai alí son proxectores, igual que na compañía, para que os nenos podan xogar cando queiran, con eses proxectores poden xogar coma se fora de día, e o resto do parque ten unha iluminación normal.

Remata a sesión sendo ás once horas e sete minutos do mesmo día. De todo o que antecede, eu Secretario, dou fe.

Vº e Pce

O ALCALDE